

DECRETO DA ALCALDIA.

ASUNTO: SUSPENSION CELEBRACIÓN SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCION BOLSA DE TRABALLO [QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 52015 COMO ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL.](#)

EXPEDIENTE Nº 757/2022.

Dada conta do procedemento para a constitución dunha bolsa de emprego público temporal de administrativo, aprobado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada con data 18 de outubro de 2022.

Vista a renuncia de determinados membros do Tribunal e ante a imposibilidade actual de proceder ao nomeamento de novos membros, **RESOLVO:**

Primeiro: Aceptar as renuncias presentadas polo Presidente Titular D. Javier Castelo Mosquera e a súa suplente D^a María Carmen Pérez Rodríguez, así como polo Secretario titular, D. Rafael López Navaza.

Segundo: Suspende a celebración do segundo exercicio do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de traballo de persoal funcionario administrativo de administración xeral que ía ter lugar no Auditorio Xosé Casal ás 9:30 do 19 de xaneiro de 2022 quedando aprazada ata nova comunicación. Dita comunicación farase a través do Taboleiro de Anuncios Municipal e na páxina web do Concello de Vila de Cruces.

Terceiro: Notificar a presente resolución os membros do tribunal e publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, tanto en formato físico como electrónico no enderezo <http://viladecruces.sedelectronica.es> así como páxina web municipal www.viladecruces.gal.

Mándao e asíno o Alcalde, na data indicada á marxe, do que como Secretario da Corporación dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

